
Formato da XI Carreira Quilómetros de Solidariedade”.

XOVES, 20 DE NOVEMBRO

✓ Lugar de celebración: **Pistas deportivas exteriores**

✓ Horario de celebración:

Alumnado de 1º e 2º da ESO	3 hora
O resto do alumnado	Na clase de E.F.
Para o resto da comunidade educativa	H o r a r i o a convir

O **alumnado e profesorado interesado en participar** terá que cubrir o *carné do corredor* e buscar patrocinio entre os seus familiares e coñecid@s que se comprometen a abonar unha cantidade (Ex. 0,50 euros) por cada quilómetro simbólico que se percorra (1 volta ás 2 pistas = 1 quilómetro). Ao final da Carreira haberá que multiplicar os quilómetros percorridos polo prezo fixado por cada un dos patrocinadores/as, sumando todos obterase o resultado da aportación.

Unha vez que o participante/a reúna todo o diñeiro entregallo ó seu profesor de Educación Física. O secretario do centro fará unha transferencia bancaria con todo o recaudado á ONG Save the Children.

UN DOBRE OBXECTIVO:

En primeiro lugar, desenvolver un espírito crítico no noso alumnado ante as inxustizas que se dan no mundo con respecto aos dereitos dos nenos e nenas, acentuando a súa solidariedade. E doutra banda, recadar diñeiro para axudar a mellorar a vida de miles de nenos e nenas de MALÍ.

A ONG Save the Children conta con organizacións nacionais en 29 países, que xuntas forman a Alianza Internacional Save the Children, e está presente en máis de 100 países con programas de axuda. Traballa desde 1919 en tódalas áreas que afectan aos nenos e nenas: educación, saúde, nutrición, traballo infantil, prevención do abuso sexual...

Na primavera de 2014, Save the Children enviará unha Memoria na que explica a súa labor feita con estes cartos, á revista “Os + Xóvenes Solidarios”.
